



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA, PARA A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, TERRITORIAL E TURÍSTICA DAS COMARCAS VITIVINÍCOLAS DE GALICIA.**

En Santiago de Compostela, a 1 de agosto de 2019

**REUNIDOS**

Dunha parte, a **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural** (en adiante, AGADER), e no seu nome e representación, D. José González Vázquez, presidente de Agader, conforme ao previsto no artigo 8º do Decreto 79/2011, do 6 de abril, polo que se aproba o regulamento de Agader.

Doutra parte, a **Axencia Turismo de Galicia**, e no seu nome e representación D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro (DOG núm. 191, do 5 de outubro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, o **Instituto Galego de Promoción Económica**, (en adiante IGAPE) e no seu nome e representación, D. Francisco Conde López, presidente do IGAPE, conforme ao previsto no artigo 11 da Lei 5/1992, de 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Doutra, a **Fundación Juana de Vega** (en adiante, a Fundación), e no seu nome e representación D. Enrique Saéz Ponte, presidente da mesma, segundo nomeamento efectuado pola Xunta de Padroado o trece de xuño de 2003, debidamente inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con data 1 de xullo do mesmo ano. A Fundación está clasificada como de beneficencia particular docente por Real Orde do "Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes", do 30 de xuño de 1925, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia, co nº 58, con CIF G-15050602 e domicilio en Rúa Salvador Allende, nº 92, 15176 San Pedro de Nós – Oleiros.





Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** Que AGADER, ente público adscrita á Consellería do Medio Rural ten entre as súas competencias articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes, e tamén, promover e favorecer a cooperación entres os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa o indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais. Entre estas funcións están as de elaborar estratexias e plans integrados de coordinación de diversa natureza no medio rural.

**SEGUNDO.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

**TERCEIRO.-** Que a Fundación Juana de Vega é unha entidade privada de natureza non lucrativa, que segundo consta nos seus estatutos ten por obxecto promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas ou privadas, o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural de Galicia, con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación da súa contorna natural e humana e á mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas. A Fundación desenvolve desde hai moitos anos unha intensa labor en prol do desenvolvemento rural, con múltiples colaboracións con diversas Consellerías para acadar un mellor cumprimento dos obxectivos comúns tendentes ao aproveitamento integral dos recursos do territorio, desde o punto de vista produtivo, patrimonial, cultural e paisaxístico. Nestes eidos, a Fundación ten traballado con diversos sectores produtivos do noso agro, como o sector leiteiro, o sector vitivinícola, ou o forestal, e ten impulsado múltiples investigacións orientadas a preservar a riqueza biolóxica





de Galicia, fundamentalmente centrada na recuperación de variedades autóctonas de interese agrario e forestal, co obxectivo de preservar a nosa biodiversidade e ao tempo, ofrecer ao sector agroalimentario elementos que axuden na diferenciación das nosas producións mellorando a competitividade dos sectores produtivos do noso agro. A Fundación creou ademais no ano 2008 a Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega, como órgano interno sen personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo organizar cursos, congresos, conferencias, seminarios, xornadas, coloquios, foros de debate, etc, sobre diversos temas relacionados coa paisaxe, así como asesorar, orientar ou facer suxestións a institucións públicas ou privadas, na planificación, xestión e conservación da paisaxe. No marco das súas actuacións destacou, entre outras cuestións, por coordinar un amplo equipo multidisciplinar de traballo para o deseño da infraestrutura verde da área metropolitana da Coruña en colaboración co Instituto de Estudos do Territorio, cun intenso plan de participación cidadá na súa elaboración que afectou a 30 concellos da comarca.

**CUARTO.-** Que Galicia conta cun sector vitivinícola que se estrutura ao redor de cinco denominacións de orixe (Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei e Ribeira Sacra), e catro indicacións xeográficas de procedencia (Val do Miño, Betanzos, Barbanza e Iria, e Ribeiras do Morrazo). O viño producido baixo o identificativo de calidade de Denominación de Orixe supón a case totalidade do viño comercial producido na nosa Comunidade.

**QUINTO.-** Que o sector vitivinícola tense convertido nos últimos anos, nun dos sectores máis dinámicos e internacionalizados da nosa economía agraria, aglutinando na actualidade a uns 15.000 viticultores, unhas 450 adegas e achegando un valor económico de máis de 210 millóns de euros ao ano. Ademais o sector vitivinícola serviu nos territorios nos que se produce o viño, como elemento dinamizador, xerador de emprego e riqueza nos espazos rurais, baseándose na creación dun produto de calidade diferenciada, que reflicte unha simbiose perfecta entre patrimonio, gastronomía, cultura e tradición. Precisamente, para tirar proveito a partir do viño, da riqueza patrimonial, cultural e paisaxística das zonas produtoras, téñense desenvolvido diversas iniciativas como as rutas do viño nas cinco denominacións de orixe, a marca Enoturismo Galicia, e mesmo na Estratexia de Turismo de Galicia 2020, se fai fincapé na enogastronomía como elemento tractor para a desestacionalización do turismo galego. Con todo, as cinco denominacións de orixe caracterízanse por teren unha enorme variabilidade entre elas, con problemáticas e características con aspectos comúns pero tamén moi diferentes, e por actuaren sen unha axeitada coordinación entre elas.





**SEXTO.-** Que polo tanto, e a pesar das diversas iniciativas desenvolvidas, queda moito camiño por andar para aproveitar toda a capacidade do sector vitivinícola como elemento tractor e dinamizador dos espazos rurais, en coordinación co sector turístico. Para logralo compre desenvolver unha estratexia de desenvolvemento socioeconómico integral do territorio que contribúa a mellorar a posición competitiva e a imaxe de marca dos viños galegos tanto no eido nacional como internacional, identificándoos cun territorio que reforza a súa identidade e que permite o desenvolvemento dun produto turístico dirixido a segmentos xeradores de valor engadido nos espazos rurais, que a súa vez redunde nun fortalecemento das economías locais.

**SÉTIMO.-** Que por todo o exposto, as partes concordan en que resulta preciso deseñar unha estratexia común e coordinada comprometéndose a colaborar para mellorar o posicionamento dos viños galegos no seu conxunto, reforzar a súa imaxe de marca e identidade vinculada aos diversos territorios nos que se producen, e mellorar a eficacia da promoción e comercialización en conxunto de produtos turísticos vinculados ao sector vitivinícola galego. Para iso a Fundación aporta unha ampla rede de contactos e ampla experiencia na coordinación de equipos multidisciplinares para o desenvolvemento integral do territorio que a fai participe necesaria da Administración Autonómica para a realización deste proxecto.

E na súa virtude, sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, as partes acordan a subscrición do presente Convenio, que se levará a cabo de acordo coas seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto do convenio**

O obxecto do presente Convenio é a colaboración entre as institucións asinantes para a elaboración conxunta da **ESTRATEGIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, TERRITORIAL E TURÍSTICA DAS COMARCAS VITIVINÍCOLAS DE GALICIA.**

### **SEGUNDA.- Finalidade**

A finalidade do convenio é deseñar un Plan estratéxico de dinamización territorial de conxunto nas cinco DO, co obxectivo de lograr un desenvolvemento territorial integrado que conte coa participación de todos os axentes chave do territorio. O plan servirá para fixar os obxectivos e accións





a desenvolver nos territorios do ámbito das DO nun sentido amplo (sector vitivinícola, patrimonio, paisaxe, turismo, gastronomía...) e mellorar a coordinación público-privada para acadar ese desenvolvemento territorial integrado baseado no sector vitivinícola, atendendo ás particularidades específicas de cada DO, tanto no eido produtivo, industrial, de comercialización e mesmo territorial, reforzando a súa relación co sector turístico e o aproveitamento dos recursos do seu patrimonio cultural e paisaxístico.

Este documento será a folia de ruta da actividade turística destas zonas enolóxicas dado o carácter transversal e estratéxico das mesmas, atendendo a novos obxectivos máis alá da comercialización do viño, como a atención aos cambios no comportamento do turista enogastronómico, a aparición de novos mercados emisores, a especialización e diferenciación de produtos turísticos ou a colaboración público-privada na xestión do destino. Todo isto coa ambición de consolidar a competitividade dos territorios relacionados co viño e incrementar a rendibilidade da actividade turística

### **TERCEIRA: Compromisos asumidos polas partes**

Para o desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio, cada entidade asumirá os seguintes compromisos:

#### **A AGADER:**

- a) Exercer, en colaboración coa Axencia Turismo de Galicia a dirección e supervisión dos traballos e estudos coordinados pola Fundación Juana de Vega para a elaboración da estratexia.
- b) Colaborar no financiamento do custe das actividades a desenvolver obxecto deste convenio a través das achegas establecidas na cláusula quinta.
- c) Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así como o asesoramento técnico preciso.
- d) Xestionar coa Deputación de Ourense a cesión dos datos e estudos relativos aos traballos financiados por parte desta e desenvolvidos pola Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración do plan estratéxico da Denominación de Orixe Ribeiro, centrado especificamente no sector vitivinícola.
- e) Dar conta a Axencia Turismo de Galicia das xustificacións de gastos presentadas pola Fundación.





**A Axencia Turismo de Galicia:**

- a) Exercer en colaboración coa AGADER, a dirección e supervisión dos traballos e estudos coordinados pola Fundación Juana de Vega para a elaboración da estratexia.
- b) Colaborar no financiamento do custe das actividades a desenvolver obxecto deste convenio a través das achegas establecidas na cláusula quinta.
- c) Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así como o asesoramento técnico preciso.

**O IGAPE:**

- a) Subministrar e facilitar toda a información e documentación relativa ao plan de internacionalización dos viños galegos, para incorporarlala ao documento do plan estratéxico e de dinamización territorial obxecto deste convenio, co obxectivo de darlle coherencia ao conxunto da estratexia ao redor do sector vitivinícola galego.
- b) Participar nas reunións de coordinación e da Comisión de Seguimento que se establezan para a adecuada execución dos traballos. A tal efecto nomeará un/a técnico/a, que o represente na dita Comisión.

**E a Fundación Juana de Vega:**

- a) Coordinar os traballos e actividades detalladas no anexo e funcionar como interlocutor entre AGADER e a Axencia de Turismo de Galicia.
- b) Cumprir cos obxectivos, garantir a execución do obxecto do convenio.
- c) Desenvolver os compromisos asumidos no presente convenio co seu equipo propio e a colaboración dos equipos externos que considere necesarios.
- d) O pago aos colaboradores externos cos que conte para o desenvolvemento dos traballos, así como a xustificación diante da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dos gastos incorridos na execución dos traballos na forma que se indica na cláusula sexta.
- e) Colaborar no financiamento do custe das actividades a desenvolver obxecto deste convenio.





#### **CUARTA.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e dos traballos desenvolvidos na súa execución, así como para propoñer solucións a calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado por Agader, outro designado pola Axencia Turismo de Galicia, outro polo IGAPE e outro pola Fundación Juana de Vega.

Dentro dos dez días seguintes á firma do presente Convenio de Colaboración as partes faranse saber por escrito o nome dos seus respectivos representantes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta Comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na sección terceira do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na sección 3 do capítulo II do Título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **QUINTA.- Orzamento**

O orzamento total para o desenvolvemento das accións previstas ascende á cantidade de 388.263,2 euros.


#### **SEXTA.- Financiamento**

O orzamento anterior será financiado polas partes como segue:

A AGADER, achegará 179.131,60 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.640.4, proxecto 2017 00003 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 e 2020 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural", repartidos nas seguintes anualidades:

- **Anualidade 2019:** 70.404,15 €
- **Anualidade 2020:** 108.727,45 €





A Axencia Turismo de Galicia, achegará **179.131,60 euros**, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 e 2020, repartidos nas seguintes anualidades:

- **Anualidade 2019:** 70.404,14 €
- **Anualidade 2020:** 108.727,46 €

Os importes das oportunas retencións de crédito para transferencias nos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia na aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, código de proxecto 2013 00004, serán ampliados no orzamento da Agader na aplicación orzamentaria 14.A1.712A.640.4, proxecto 2017 00003 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 e 2020 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".

A Fundación Juana de Vega achegará 30.000,00 euros en concepto de valoración económica dos traballos de coordinación e da súa participación nas actividades a desenvolver no marco deste convenio.

A Agader, co fin de facilita-la execución conxunta das accións compensará á Fundación Juana de Vega, ata un máximo de 358.263,20 € por todos os conceptos e IVE incluído, que se fará efectivo nas seguintes anualidades:

- **No 2019:** ..... 140.808,29 €, IVE incluído.
- **No 2020:** ..... 217.454,91 €, IVE incluído.

Estas cantidades faranse efectivas, logo da correspondente xustificación segundo se establece na cláusula seguinte, e previa presentación por parte da Fundación Juana de Vega das facturas, recibos, nóminas e seguros sociais, dietas e gastos de viaxe que se correspondan cos gastos incorridos para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio, tras ser validadas polos servizos técnicos da Agader.

#### **SÉTIMA.- Resultados conxuntos**

O diversos datos, análises, estudos estatísticos e participativos e as conclusións e determinacións orientativas do Plan estratéxico resultante elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común polas partes asinantes.





Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Agader, a Axencia Turismo de Galicia e o Igape, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

#### **OITAVA.- Xustificación e pagamento.**

A Agader compensará á Fundación con parte dos gastos nos que incorra segundo se indica a continuación:

O aboamento do importe previsto xustificarse mediante presentación de:

- Documentos que recollan os traballos realizados en cada período de xustificación.
- Informe das actuacións e dos gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
- Xustificantes de gasto (facturas, recibos de honorarios, dietas e viaxes, e nóminas e seguros sociais do persoal propio da Fundación que participe nas actividades previstas no convenio) polas accións realizadas.
- Xustificante de pago dos gastos mediante extracto bancario ou nos importes por contía inferior a 1.000 euros recibín do provedor.

En calquera caso a Fundación acompañará a xustificación cun certificado que deberá deixar constancia da non existencia de onerosidade e/ou lucro .

A documentación xustificativa presentarse electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

Os pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes intervinentes no convenio obtéña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Agader





diminuirase proporcionalmente, tendo coma data límite de xustificación o 15 de novembro de 2019 para a anualidade correspondente ao exercicio 2019, e o 30 de agosto para a anualidade correspondente ao exercicio 2020.

Os custos devengados a partir do 1 de novembro de 2019 poderán ser imputados á anualidade 2020.

Procederá a obriga de reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida por AGADER en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

#### **NOVENA.- Natureza do convenio**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), na Lei 4/2006, do 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega (DOG nº 136 do 14 de xullo), no decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

#### **DÉCIMA.- Vixencia do convenio**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020, salvo prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.





### **UNDÉCIMA.- Publicidade**

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

### **DUODÉCIMA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con un mes de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Se se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das





administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **DÉCIMO CUARTA – Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en adiante LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

#### **DÉCIMO QUINTA.- Relacións laborais**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.





#### **DÉCIMO SEXTA.- Xurisdición**

As Partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.





E, en proba de conformidade con canto antecede, asíñase por cuadruplicado exemplar o presente convenio na cidade e data indicados.

<p><b>Axencia Galega de Desenvolvemento Rural</b></p>  <p>Asdo.: José González Vázquez Presidente</p>	<p><b>Axencia Turismo de Galicia</b></p>  <p>Asdo.: Román Rodríguez González Presidente</p>
<p><b>Instituto Galego de Promoción Económica</b></p>  <p>Asdo.: Francisco Conde López</p>	<p><b>Fundación Juana de Vega</b></p>  <p>Asdo.: Enrique Sáez Ponte</p>

